

NOTA DE PRENSA

A reparación da cuberta do complexo deportivo da Cachada evitará as filtracións de auga ao interior

Boiro, 14 de outubro de 2009. Logo das inspeccións realizadas polos técnicos e recollendo as súas recomendacións, a Secretaría Xeral para o Deporte, a través da empresa Acciona, iniciou estes días as obras de reparación da cuberta do complexo deportivo da Cachada, que alberga, entre outros servizos, a piscina climatizada. Coa actuación, preténdese poñer fin aos problemas de filtracións de auga que se veñen producindo no edificio desde a súa apertura, a principios de 2002, e que provocaron danos en materiais e equipamentos, como os falsos teitos da piscina ou o parqué do pavillón.

Os operarios que estiveron a traballar nesta obra fixeron unha proba de estanqueidade que demostrou a existencia de filtracións, tanto nas cubertas do pavillón deportivo como no da piscina, polo que procederon a arranxar as zonas onde están localizados os puntos da filtracións. O seguinte paso foi a colocación dunha lámina impermeabilizante sintética, de elevada durabilidade e alta resistencia a rotura e resistencia a tracción. Polo de agora se realizaron os traballos na parte da cuberta que atinxe á piscina, quedando pendente a cuberta do pavillón.

O Concello de Boiro viña facendo xestións diante da Secretaría Xeral para o Deporte para solucionar este problema, xa que o edificio foi licitado e construído por este organismo da Xunta. Polo tanto, e dado que os defectos da construción se remontan á súa apertura, correspóndelle a dito organismo facerse cargo de solventalos.

Unha vez que se rematen as obras da cuberta, quedan por facer outras melloras como é arranxar o sistema de climatización dos vestiarios da piscina e reparar os materiais e equipamentos danados polas filtracións.

A Concelleira de Deportes, Dores Torrado Ares, manifestou a súa satisfacción porque, logo de tantas xestións diante da Xunta, por fin a Secretaría Xeral para o Deporte resolveuse a reparación dunha instalación que xa tivo problemas de filtracións desde o primeiro día. Sen embargo, e dado que quedan arranxos pendentes, “o Concello continuará a facer un seguimento das obras para que se cumpra o compromiso de reparar tódalas deficiencias”.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro